

PROGRAMA DE ACTIVIDADES ESCOLARES DA REDE MUSEÍSTICA

CURSO
2019-2020

CONCERTACIÓN DE GRUPOS

Museo Provincial de Lugo
concertacionsrmp@gmail.com

Museo Fortaleza
San Paio de Narla
sanpaioadenarla@museolugo.org

Museo Provincial do Mar
museodamar@museolugo.org

Museo Pazo de Tor
pazodetor@museolugo.org

@RedeMuseistica
@MuseoLugo
@PazodeTor
@MuseoMarLugo
@SanPaiodeNarla

redemuseisticalugo.org



AXENDA 2030

17 Obxectivos de
desenvolvemento
Sostible
#MuseosVivos



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO PROGRAMA DE ACTIVIDADES ESCOLARES CURSO 2019 / 2020

A Rede Museística Provincial, dependente da área de Cultura da Deputación de Lugo, a través dos departamentos de didáctica dos catro museos que a integran (Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e Museo Pazo de Tor) pon a disposición dos centros escolares a súa programación para o curso escolar 2019 / 2020 e, como sempre, co obxectivo de fomentar o achegamento do alumnado ao patrimonio conservado nos nosos museos.

A novidade está en que con esta nova proposta pretendemos que cada docente interesado neste programa decida, de acordo co plan de estudos e o proxecto educativo que estea desenvolvendo, a mellor maneira de utilizar os recursos que lle ofertamos.

O programa estruturase da seguinte maneira:

Áreas temáticas: Propoñomes aos docentes unha relación de 12 **áreas temáticas**, cuxos obxectivos e contidos describimos brevemente en cada caso, tendo en conta as coleccións e obras expostas neste museo da Rede Museística da Deputación de Lugo.

ODS 2030: Temos en conta para cada área temática os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable 2030 (ODS) que enumera a UNESCO.

Relación de obra: Material e suxestións

Unha vez concertada a visita ao museo e antes da súa realización facilitaráselle ao profesorado unha listaxe con fotografías das obras seleccionadas para a área temática elixida.

Mapas (in)visibles

Posteriormente ou durante a realización da visita ao museo facilitaráselle a cada alumno ou alumna un modelo (poderanse propoñer outras presentacións) de guía denominado “Mapas (in)visibles” para que, individualmente ou en grupo, elaboren, aplicando criterios propios, un roteiro persoal polo museo.

Este material, orixinal ou copia, unha vez supervisado polo profesorado, poderá remitirse ao museo para realizar con el unha exposición de “Mapas (in)visibles” e outras actividades complementarias arredor do Día Internacional dos Museos (17 de maio) de 2020.

Concertación de visitas guiadas e actividades didácticas

Unha vez decidida a maneira de aproveitamento destes recursos, os docentes interesados poderán solicitar unha visita guiada ao museo, indicando a área temática da súa preferencia.

A concertación de grupos escolares realizarase exclusivamente a través do mail concertacionsrmp@gmail.com

Horario de inicio das visitas: 9:30, 10:30, 11:30, 12:30, 15:30 e 17:00h.

ÁREAS TEMÁTICAS

01.-Lugo romano

1. Lucus Augusti: do campamento romano á cidade amurallada.

2. A vida en Lucus Augusti: cómo era o día dun habitante da cidade?

02.-Da túnica ao traxe rexional galego: como nos vestimos ao longo da historia

Os cavernícolas cubrían o corpo con peles e os castrexos engalanábanse e mostraban a súa riqueza con torques e arracadas. Os romanos vestíanse con túnicas, na Idade Media apareceron os pantalóns e os reis e raíñas de Época Moderna levaban fastosos traxes. Coñeceremos como se vestían os homes e mulleres dos diferentes períodos históricos e os significados e segredos que agochan os distintos tipos de indumentaria.

03.- Vexo vexo... E descubro o meu entorno

Como viron os artistas as paisaxes que pintaron nos seus cadros? Como as vemos nós? Como afectan as nosas accións ao medio? Que é un lugar? E un "non lugar"? Daremos resposta a estas e outras moitas cuestións con esta proposta didáctica; na que coñeceremos paisaxes pictóricas e reais e reflexionaremos sobre o noso entorno, as nosas raíces e o noso impacto no medio que nos rodea.

Esta proposta incluírá a vista ás coleccións de pintura da sección de "Arte galega" e ás de gravado da sección de "Debuxo e gravado".

04.-Eureka! Pequenos grandes inventos da humanidade

Os exipcios medían as horas co reloxo de sol, os romanos cambiaron o troco pola moeda e a Idade Media tróuxonos os cubertos, a cheminea ou os cristais das ventás.

O obxectivo desta proposta é coñecer os diferentes inventos da humanidade -e a repercusión que tiveron na vida do ser humano- mentres percorremos as coleccións do museo (reloxos de sol, reloxos mecánicos, muíños, tear, botóns, moedas...)

05.- Do nomadismo ao turismo: Por que nos movemos?

Coñeceremos, a través das coleccións do museo, as diferentes razóns que motivaron ao ser humano a desprazarse ó longo da historia: o nomadismo (Paleolítico), a viaxe de conquista (Romanización), a migración (escultura "Lendo a carta do fillo"), a peregrinación (escultura "Peregrino", maquetas do Camiño de Santiago...), a viaxe cultural e de estudo (colección de arte africana), a viaxe de ocio...

06.- Troco ou imposto? Intercambios e formas de pagamento ó longo da historia

Como se adquirirían as cousas antes da aparición da moeda? Como cambiou a forma de relacionarnos a aparición da moeda? De que maneiras lles pagaban os campesiños os foros aos señores? Como era o pago de impostos nas diferentes épocas históricas?

07.-Pedra a pedra

O obxectivo desta proposta didáctica é coñecer as diferentes tipoloxías construtivas que temos en Lugo e en Galicia. Mediante a visita ao claustro (e ós restos arquitectónicos que alí se conservan), á colección de maquetas e ó propio edificio do museo veremos como se construían os edificios nas diferentes épocas históricas, que materiais e formas se empregaban dependendo da zona e do clima e que función tiñan as diferentes construcións.

08.- Ti... de quen vés sendo?

Esta proposta contempla un percorrido pola colección de labras heráldicas do museo, a través do cal coñeceremos como apareceron os escudos e que se representa neles, e imaxinaremos como sería o escudo da nosa familia.

09.-A opresión e o castigo ao longo da historia

Partindo de diferentes pezas das nosas coleccións tales como a cadea "a Mariscala", a vara da mestra da "Escola de Doloriñas", os "Galeotes" condenados a remar ou o cadro "Les relevailles" (que mostra a mulleres que volven á igrexa tras a cuarentena, período no que non se lles permitía ir), indagaremos sobre formas de castigo, represión e opresión existentes ao longo da historia.

10.-Actividades didácticas coas coleccións de arqueoloxía

Actividades que teñen como obxectivo mostrar, a través dos restos arqueolóxicos, como era a vida no Paleolítico, Neolítico, Idade dos Metais, Cultura Castrexa e Cultura Romana ("Somos artistas cavernícolas", "Somos detectives do pasado", "Safari arqueolóxico", etc.).

11.-Crea o teu museo

Fago o meu museo, facemos o noso museo, creamos unha rede. Desde a Rede Museística invitámosvos a que creedes o voso propio museo a partir dun diálogo aberto coas nosas coleccións e cos profesionais que traballan neste espazo. Se queres saber como, preguntáanos!

12.-O museo, relator de historias

Os museos son relatores de historias. Nesta proposta aberta, pretendemos utilizar unha metodoloxía activa de forma que sexan os propios escolares os que constrúan o significado ante as pezas e obras de arte. Son experiencias nas que se pretende ensinar a ver e gozar da arte e coa arte a través dun discurso narrativo que se crea coas obras de arte. Con este diálogo, preténdese potenciar a observación e a reflexión sobre as pezas e estimular o diálogo sen medo a formar unha opinión crítica e persoal. Un diálogo que se combina con información sobre o artista ou o período histórico, necesario, para completar a visión da obra e contextualizala.

»Actividade didáctica: Rutas literarias

Metodoloxía: Hai catro rutas: a de Minos, a do Astrágalo, a do Paxaro e a do Carneiro Alado. Cada unha das rutas está baseada nun relato do libro: "Contos de Fantasmas no Museo". Conta cunha folla de ruta que o alumnado debe completar xa no museo. Logo comprobamos os resultados de cada unha das catro expedicións.

Nivel educativo: 1º a 4º de ESO e BAC

Recursos materiais: libro, follas de ruta.

Temporización: de 70 a 80 minutos.

Actividade didáctica transversal ás 12 áreas temáticas

Aínda que na maioría dos casos as posibles actividades didácticas a desenvolver, tanto as preparatorias como as posteriores á visita guiada, estarán orientadas polo profesorado, neste caso ofértase unha actividade específica centra exclusivamente na aplicación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da UNESCO (ODS 2030):

»**Actividade didáctica: Quebracabezas/Memory/Código ODS 20/30**

Metodoloxía: Visita guiada convencional pero centrada exclusivamente nos ODS 2030.

Nivel educativo: E. Primario e ESO

Recursos materiais: Unha vez concertada a visita, remitirase ao profesorado unha listaxe coas obras e pezas seleccionadas, coa fotografía correspondente, por cada área.

Temporización: 0130h.

ODS: Trátase de poñer en práctica os 17 ODS 2030.

Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable 2030 (UNESCO)

- 1.-Fin da pobreza
 - 2.-Fame cero
 - 3.-Saúde e benestar
 - 4.-Educación de calidade
 - 5.-Igualdade de xénero
 - 6.-Auga limpa e saneamento
 - 7.-Enerxía asequible e non contaminante
 - 8.-Traballo decente e crecemento económico
 - 9.-Industria, innovación e infraestrutura
 - 10.-Reducción das desigualdades
 - 11.-Cidades e comunidades sustentables
 - 12.-Producción e consumo responsables
 - 13.-Acción polo clima
 - 14.-Vida submarina
 - 15.-Vida de ecosistemas terrestres
 - 16.-Paz, xustiza e institucións sólidas
 - 17.-Alianzas para lograr os obxectivos
- + info: <https://es.unesco.org/sdgs>

Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo

(34) 982 242 300 / 982 242 112

guias@museolugo.org

redemuseisticalugo.org



Cultura



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO